



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 1 de marzo de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 1 DE MARZO DE 2024.

ASUNTOS

Información e actas

1. Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Diana Piñeiro Fernández.
2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/24, do 2 de febreiro.
3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 27 de xaneiro ata o 23 de febreiro de 2024.
4. Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do terceiro mes de 2024.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural para cofinanciar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturalgal 2023).

Comisión de Deporte

6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Cedeira para cofinanciar a realización de actividades de voleibol praia no ano 2023.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

7. Aprobación do proxecto Reformado DP-6301 Ampliación, Mellora Seguridade Vial punto quilométrico 0+000 A 1+180 e punto quilométrico 1+720 A 2+500 (OZA-CESURAS)
8. Aprobación de proxectos de obras de conservación. Plan de acondicionamento - conservación- 2024, primeira fase

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

9. Aprobación da segunda e última prórroga do contrato de Servizos de mantemento e soporte do sistema integral de xestión tributaria da Deputación provincial da Coruña, código expediente PCO.001.2019.00021
10. Aprobación da adscrición demanial a favor do Concello de Ordes da marxe esquerda do tramo de estrada DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia. P.Q 1+635 ao P.Q 4+435".

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de cunetas en Sergude" do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0329.0, levantamento das condicións ás que



quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación en núcleo de Vilar (Estramundi)", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0243.0

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)" do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0270.0

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro" do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0271.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

15. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao cuarto trimestre de 2023.

16. Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2024 da Deputación e o seu ente dependente á Administración do Estado.

17. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2022.

18. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2023.

19. Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

20. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2023.

21. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2023.

22. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2023.

23. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2024 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

24. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2024 de aprobación polo Pleno.

25. Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.



27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mazaricos respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

28. Dación de conta do acordo do Concello de Arzúa polo que non se prorroga a delegación das competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestar servizos de control financeiro ao Concello de Arzúa.

29. Dación de conta da revogación da delegación de competencias do control financeiro do Concello de Boqueixón.

30. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestar servizos de control financeiro ao Concello de Muxía.

31. Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2023.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

32. Aprobación da modificación da cláusula de vixencia do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Galicia remota - Carnota"

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

33. Aprobación da modificación puntual da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á Asociación Mulleres Salgadas

2. Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación de A Coruña, sobre o apoio ao sector gandeiro.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 1 de marzo de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 1 de marzo de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusados/as:

Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos esta sesión ordinaria do Pleno co primeiro punto da orde do día.

1.- Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Diana Piñeiro Fernández.

Dona Diana Piñeiro Fernández toma posesión do seu cargo, con arranxo á fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputada provincial.

Sr. Presidente

Imos ler tres declaracións institucionais; a primeira, relacionada co apoio aos agricultores.

Sra. Secretaria

Declaración institucional de apoio a gandeiría e agricultura.

O campo atravesamos unha difícil situación provocada por múltiples factores, como o aumento dos custos de produción; as asfixiantes demandas burocráticas e regulamentarias; a aplicación da nova PAC con máis esixencias ambientais que recaen sobre agricultores e gandeiros; e a seca.

Isto motivou que milleiros de agricultores e gandeiros se manifestasen para esixir ao Goberno de España e á Unión Europea un cambio no Plan Estratéxico da PAC, unha modificación das medidas ambientais e dos ecoréximes, a revisión da Lei da Cadea Alimentaria ou a derogación da Lei de Benestar Animal.

Os agricultores e gandeiros españois enfróntanse a cargas dificilmente asumibles, con requisitos e custos que sufocan os seus beneficios, que non lles permiten garantir a súa rentabilidade e poñen risco a sostibilidade das súas explotacións. A actuación do Goberno provocou unha perda de competitividade no rural, reducindo a produción en España e incrementando as importacións, cando debe ser prioritario garantir unha alimentación de calidade a prezos razoables para os cidadáns.

Defendemos aos nosos agricultores e gandeiros.

É por iso que por esta Deputación considérase fundamental:

1.- Mostrar apoio ao sector primario no Concello de Ordes extensivo a toda a súa Comarca, aos seus gandeiros e agricultores. Reivindicamos a súa gran importancia no desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

2.- Apoiar o decálogo de medidas para afrontar a crise do sistema agrario e agroalimentario galego:

- **Prezos xustos dos nosos produtos.** Eliminación da especulación e creación de índices de referencia dos custos de produción en distintos sectores, incluíndo unha



remuneración digna do traballo dos produtores, mecanismos para facer cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e acabar con prácticas e marxes abusivas.

- **Rexeitamento dos tratados de libre comercio (Mercosur)** que poñan en risco as nosas producións, priorizándoas fronte a terceiros países que comercian coa Unión Europea.
- **Eliminar a burocratización** que asfixia a gandeiros e agricultores: Caderno Dixital, Decreto de Xestión da Explotación Bovina e Decreto de Fertilización Sostible do Solo.
- **Adecuación dos ecoesquemas e da PAC** á realidade da agricultura e gandería galega, pagos en función de persoas activas e non por superficie.
- **Contías suficientes** para atender as solicitudes de produción ecolóxica, así como todos os expedientes agroambientais e climáticos e axudas á incorporación.
- **Recuperación da terra agraria e a súa especial protección** para apoiar ao sector ante novos retos como cambio climático, novas enfermidades ou aumentos do custo dos combustibles. Fomentar a investigación pública que acompañe ao sector na situación actual e para afrontar novas incidencias ou problemas que afectan á gandería e á agricultura, acadando unha maior sostibilidade en cada unha das explotacións.
- **Promover o acceso da poboación a alimentos saudables** promovendo e apoiando os mercados locais, os circuitos curtos e a compra pública de alimentos ecolóxicos e de proximidade.
- **Mantemento da rebaixa do prezo do gasóleo** para o sector primario, así como das condicións do gasóleo agrícola profesional.
- Retirada do lobo da LESPRES, **indemnización dos danos causados pola fauna salvaxe** (xabaril, lobo, etc.) e de todas as perdas ocasionadas, que deberán minimizarse. Autorizar as batidas de control da fauna salvaxe.
- **Creación dunha figura mediadora na negociación** de contratos e posta en marcha de observatorios de prezos dos produtos agrícolas e gandeiros.

3.- Solicitar ao Goberno de España que adopte as medidas necesarias para aplicar este decálogo coa maior brevidade posible.

4.- Dar traslado dos presentes acordos aos grupos parlamentarios do Congreso, Senado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sr. Presidente

Seguinte declaración, ten que ver co día 8 de marzo.

Sra. Secretaria

Declaración institucional 8 de marzo, día internacional da muller.

A Deputación da Coruña conmemora un ano máis o 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, data en que reafirmamos o noso compromiso coa igualdade en todos os espazos da vida.

Somos conscientes de que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos son perigos vixentes.



Ademais, vivimos nos últimos meses acontecementos e indicadores preocupantes no ámbito do lecer, o deporte e outros ámbitos do noso día a día.

Por outro lado, somos tamén conscientes que no ámbito institucional as mulleres seguen a ter maiores dificultades para exercer a súa actividade, son espazos aínda moi masculinizados, un reflexo que podemos ver tamén no ámbito social e no empresarial e cómpre polo tanto afondar nos pasos importantes que se foron dando nos últimos anos mais sendo conscientes da realidade. Desde os concello e as deputacións podemos e debemos poñer en marcha medidas que axuden a corrixir discriminacións que son evidentes (liñas de subvencións, programas de actividades, contratos etc.)

Desde a Deputación somos conscientes dos pasos adiante que se levan dado mais tamén de todo o que aínda queda por facer ata conseguir que a igualdade sexa plena. O compromiso desta institución e tamén dos concellos en que somos concelleiras e concelleiros é non dar pasos atrás e seguir traballando en avanzar en igualdade, en poñer en marcha medidas que aborden a educación en igualdade nos e nas máis novas, medidas que supoñan avances nos dereitos laborais e na mellora dos recursos contra a violencia machista.

Por todo isto, a Deputación da Coruña considera fundamental:

1. Apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
2. Promover a participación activa das mulleres na vida política e social, con accións de sensibilización, capacitación, fomento do liderado feminino que permita que se consiga o contemplado na lei a respecto da paridade mais tamén en medidas activas que fomenten que iso tamén se cumpra nas entidades e empresas que colaboran ou están financiadas pola Deputación da Coruña.
3. Aplicar medidas que garantan a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa das mulleres en todos os ámbitos.
4. Tomar decisións en todos os ámbitos institucionais para avanzar na igualdade real e efectiva das mulleres, rematando así coas desigualdades manifestas en todos os ámbitos referenciais para a sociedade: deporte, audiovisual, laboral etc.

Sr. Presidente

Unha declaración referida ao Día Internacional das Enfermidades Raras.

Sra. Secretaria

Declaración institucional Día Mundial das Enfermidades Raras (EERR) 2024.

As enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Máis da metade das familias con enfermidades raras esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico e tan só 6% teñen tratamento.



Calcúlase que 300 millóns de persoas en todo o mundo, 3 deles en España, e 200.000 en Galicia padecen estas enfermidades.

O próximo 29 de febreiro, un día único no noso calendario, celébrase o Día Mundial das Enfermidades Raras, evento que se repite cada ano o último día do mes de febreiro para impulsar unha mobilización mundial que permita posicionar a realidade destas patoloxías na axenda pública. Unha acción liderada no noso país polo movemento asociativo baixo o paraugas da Federación Española de EERR, FEDER.

Este ano, como ven sendo habitual, a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, Fegerec, únese a FEDER co chamamento máis vale máis previr que curar. De acordo coa OMS, a prevención non soamente é previr a aparición da enfermidade, senón tamén deter o seu avance e atenuar as súas consecuencias unha vez establecida.

O tecido asociativo ten moi claro que para favorecer a prevención de enfermidades raras e as súas consecuencias é necesario:

1. Impulsar a investigación, favorecendo que se comparta e difúndase o coñecemento xerado entre a comunidade investigadora e profesional e que se incremente o financiamento público en I+D+i.
2. Implementar medidas que garantan o acceso en equidade a probas de diagnóstico, á atención integral necesaria e aos medicamentos, independentemente da CCAA onde un resida.
3. Que España recoñeza a especialidade de xenética clínica.
4. Colaborar, apoiar e poñer en valor as accións do tecido asociativo tanto no ámbito asistencial, como o de xerador de coñecemento e investigación.
5. Implementación das estratexias autonómicas en liña coa Estratexia Nacional de EERR Dende a Federación Española e Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas instamos a todas as administracións e institucións competentes a impulsar e asumir as correspondentes competencias en materia de investigación, diagnóstico, tratamento e coñecemento que garantan a prevención destas enfermidades en tempo e forma adecuado e por suposto en condicións de equidade.

Sr. Presidente

Pasamos ao punto número 2 da orde do día.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/24, do 2 de febreiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 2/24, do 2 de febreiro.



3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 27 de xaneiro ata o 23 de febreiro de 2024.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 27 de xaneiro ata o 23 de febreiro de 2024

4.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do terceiro mes de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de marzo de 2024 correspondería celebrala o día 29 dese mes, coincidindo coa festividade de Semana Santa.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023,

PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao terceiro mes de 2024 celebrarase o día 1 de abril, luns, a partir das doce horas".

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural para cofinanciar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturalgal 2023).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Culturgal, por importe de **18.000,00 €**, concedida para financiar a *Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2023)*, cun orzamento subvencionado de 188.133,96 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de febreiro de 2024.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal para financiar a *Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2023)*

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Asociación Culturgal

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asociación Culturgal é unha entidade sen ánimo de lucro que foi constituída no ano 2010 para dar continuidade e estabilidade a Feira que, co mesmo nome, arrancara de maneira exitosa en 2007. Forman parte de Culturgal as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET), Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI).

2.- De conformidade cos seus estatutos son fins da entidade, entre outros, a organización da Feira Culturgal, espazo onde as industrias culturais galegas poden presentar, amosar, promocionar e vender os seus produtos. Trátase de darlle visibilidade á oferta cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, ser un lugar de encontro das industrias culturais que favoreza e promova a cooperación e o apoio mutuo entre os seus membros.



Culturgal é a feira de referencia da cultura galega; unha cita anual cuxa meta é favorecer a comunicación, cooperación e formación de redes de apoio mutuo entre profesionais, empresas e institucións do sector á vez que se facilita o contacto directo co público. Desde a súa primeira edición no 2007 constituíuse como o principal punto de encontro entre cultura e sociedade, un escaparate para as novidades artísticas e creativas no mundo do libro, o teatro, o audiovisual, a música, a tecnoloxía e a arte contemporánea.

3.- A edición do ano 2023 incorpora como novidade fundamental a posta en marcha do *Culturgal expandido*: un conxunto de accións fixada no mes de novembro en poboacións distintas á sede; do mesmo xeito, engádense unha serie de iniciativas novedosas ó programa:

* Encontro con patrocinadores. Invitación a patrocinadores das culturas galegas a visitar a feira co fin de establecer unha relación máis próxima e explorar posibles sinerxías.

* Programa escolar. Desenvolvemento e incorporación á feira de actividades específicas en colaboración con distintos centros de ensinanza. Este punto implica a participación cidadá no evento e a ampliación da súa base social.

* Proxectos Culturgal. Programa de axudas a primeiros proxectos para creadores menores de trinta anos. Os resultados serán presentados no Culturgal e as súas sucesivas fases poderían reflectirse en futuras edicións ou no Culturgal expandido.

* Convenios con universidades. Colaboración con facultades de comunicación galegas para axudar á formación de profesionais especializados no ámbito cultural e establecemento dun programa de prácticas xunto con grao en Xestión Cultural e o mestrado de Servizos Culturais da Universidade de Santiago de Compostela.

* Competición de videoxogos producidos en Galicia ou con participación galega.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Culturgal, con CIF: G70259924, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2023)***.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Culturgal desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



<i>Servizos Xerais</i>	15.034,97€
Seguro Responsabilidade Civil	891,41 €
Transporte espazo Arte	1.300,00 €
Seguridade do recinto,	2.179,84 €
Controladores acceso.	2.807,75 €
Plan de Autoprotección	1.000,00 €
Coordinacion de riscos	800,00 €
Plan de prevencion de riscos laborais e seguridade no traballo	405,94 €
Ambulancia.	1.800,00 €
Plataforma entradas	3.500,00 €
Walkies	350,03 €
<i>Recinto Feiral escenografía e sinalética</i>	61.500,00 €
Moqueta e aluguer de tarimas dos distintos espazos	16.500,00 €
Aluguer de Stands e montaxe Cultural e modulos centrais	45.000,00 €
<i>Producción espectáculos. Iluminación e son</i>	15.209,00 €
Aluguer de Iluminacion e Son Auditorio	2.959,00 €
Aluguer de Pantallas iluminación e equipos de son recinto Feiral	12.250,00 €
<i>Hostalaría</i>	5.098,15 €
Desprazamentos Hoteis organización e ponentes	5.098,15 €
<i>Departamento de coordinación e persoal adxunto</i>	61.701,81 €
Coordinación Xeral. Dirección	16.000,00 €
Secretaría Técnica, Cood expositores	6.000,00 €
Coordinadora de produción	9.500,00 €
Coordinadora espazo arte	2.350,00 €
Comunicación e redes sociais	6.000,00 €
Persoal de entrada	3.150,00 €
Rexidurias	2.350,00 €
Administración da Feira	5.130,00 €
Soldos Soldos e Salarios, entrada rexidurías, producion	8.419,44 €
Seg. Social Seguridade social cargo empresa	2.802,37 €
<i>Actividades. Dietas e Cachets</i>	10.050,00 €
Caches/ ponentes	4.500,00 €
Espazo Cinema. Pases cinema	3.450,00 €
Obradoiros (resto)	1.800,00 €
FILMAX "O ratonciño"	300,00 €
<i>Comunicación</i>	19.540,03 €
Deseño	4.500,00 €
Faro de Vigo.	350,00 €
La Voz de Galicia. Canal Voz.	880,00 €
El Pais	750,00 €
Pontevedra Viva	600,00 €
Radio Pontevedra	860,00 €
Cadena Ser	860,00 €
Inserciós grupo el Progreso	630,00 €
Praza	200,00 €
Cuñas Onda Cero	600,00 €
Nos / Sermos	1.575,00 €
Publicidade redes sociais	480,00 €
Fotografía.	1.750,00 €
Vídeo gravación e edicion	1.500,00 €
Varios Imprenta	555,91 €
Lonas Espazos (un só uso)	3.449,12 €
Total gastos	188.133,96 €



III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 9,56765 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 9,56765 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Culturalgal

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Culturalgal, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Culturalgal deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.



2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Cultural unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Cultural, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Cultural para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación



aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Cultural deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Cultural destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Cultural, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Cedeira para cofinanciar a realización de actividades de voleibol praia no ano 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Cedeira, por importe de 29.000 €, para cofinanciar a *realización das actividades de voleibol praia no ano 2023*, cun orzamento subvencionado de 47.455,00 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade,



igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Presidente da Comisión de Deporte, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de febreiro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización de actividades de voleibol praia no ano 2023.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Cedeira.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que o Concello de Cedeira, desenvolve dentro da súa programación actividades deportivas de voleibol.

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción do deporte; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Cedeira na súa Programación Deportiva do ano 2023, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Cedeira acordan suscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cedeira**, con CIF: P1502200G, fixando as condicións que se impoñen por esta



administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a realización das actividades de voleibol praia no ano 2023, que se indica deseguido:

- x I Campus Volei praia Vila de Cedeira.
- x Campionato galego de volei praia de categorías inferiores
- x Circuito Nacional de Voley Playa

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Cedeira.

O Concello de Cedeira desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, cun orzamento de **47.455€** que se desagrega do seguinte xeito:

I Campus Volei praia Vila de Cedeira

Concepto	Importe
Persoal técnico (monitores)	3.500,00 €
Xestión: dirección campus	500,00 €
Equipamento xogadores	1.050,00 €
Gastos comunicación (fotógrafo)	400,00 €
Material deportivo	1.000,00 €
Total orzamento	6.450,00 €

Campionato galego de volei praia de categorías inferiores

Concepto	Importe
Premios: trofeos	720,00 €
Desprazamentos árbitros	250,00 €
Dereitos da arbitrase	2.700,00 €
Aloxamento árbitros	1.260,00 €
Gastos comunicación: podium	150,00 €
Gastos comunicación (fotógrafo)	240,00 €
Xestión: dirección da proba	800,00 €
Total orzamento	6.120,00 €

Circuito Nacional de Voley Playa

Concepto	Importe
Premios (trofeos, metálico)	5.480,00 €
Persoal técnico: transporte, aloxamento, equipacións, montaxe, tarifas arbitrais	8.720,00 €
Gastos de loxística (palas, marcadores, liñas campo, redes, balons, sonorización, speaker, carpas, vaías, etc	14.450,00 €
Equipacións deportistas	2.085,00 €
Gastos de comunicación: Podium, streaming, fotógrafo)	2.350,00 €
Xestión: publicidade, dirección e xestión	1.800,00 €
Total orzamento	34.885,00 €



III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **29.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **61,11053%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **61,11053%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Cedeira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Cedeira.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Cedeira, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministrados necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer *a actividade subvencionada no ano 2023*,



por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Cedeira.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Cedeira do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80%) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, alomenos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acreedores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificados referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período de vixencia do convenio.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de



non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cedeira terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Cedeira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Cedeira para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cedeira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cedeira.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Cedeira terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Cedeira deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio



e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Cedeira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Cedeira deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cedeira poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cedeira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo



dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cedeira serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cedeira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de agosto de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Cedeira, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación do proxecto Reformado DP-6301 Ampliación, Mellora Seguridade Vial punto quilométrico 0+000 A 1+180 e punto quilométrico 1+720 A 2+500 (OZA-CESURAS)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1. Aprobar o Proxecto** “MODIFICADO Nº1 “AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 6301, SERRA DE ABAIXO A PORZOMILLOS, PK 0+000 A 1+180 E PK 1+720 A 2+500” Plan de investimentos en Vías Provinciais 2021, Terceira Fase) Código da Obra: 2021.1110.0003.0, e un prazo de execución de 6 meses, polo seu orzamento de contrata de que supón un incremento de 31.568,97 € respecto ao primitivo.
- 2. Aprobar a formalización** en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (NIF: B15410608)) as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 699.557,07 € o que representa unha diferenza de 30.225,07 € con respecto ó importe de adxudicación do proxecto inicial que ascendía a 669.332,00€.
- 3. Modificar a contía da garantía definitiva** que queda incrementada na cantidade de 1.248,97€, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 28.907,32 €



8.- Aprobación de proxectos de obras de conservación. Plan de acondicionamento - conservación- 2024, primeira fase

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días compañeros y compañeras de Corporación.

Vamos a votar a favor de este punto porque sabemos que las propuestas de actuación vienen dadas principalmente por los técnicos. Lo que sí nos gustaría es que haya un contacto desde la casa con los distintos alcaldes, sobre todo en aquellas vías en las que se va a actuar y afectan a más de un municipio para que sepan exactamente en qué tramo se va a actuar y en qué condiciones. Sería de interés que se hiciera y así lo solicitamos.

Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a relación dos **PROXECTOS DE OBRAS DE CONSERVACIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS. PLAN DE ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN VÍAS PROVINCIAIS 2024** cun orzamento total de **11.007.924,54 €**, que se imputará á aplicación orzamentaria **0410/4531/61900**, integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2024.1100.0001.0	GRUPO 1A ORTIGUEIRA	194.883,69
2024.1100.0002.0	GRUPO 1B CARIÑO	212.800,35
2024.1100.0003.0	GRUPO 2 MAÑON E AS PONTES	238.587,33
2024.1100.0004.0	GRUPO 3 CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	341.269,16
2024.1100.0005.0	GRUPO 4 FERROL E NARON	442.727,81
2024.1100.0006.0	GRUPO 5 MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	304.531,88
2024.1100.0007.0	GRUPO 6 ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	332.184,18
2024.1100.0008.0	GRUPO 7 CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	371.278,54
2024.1100.0009.0	GRUPO 8 AS PONTES, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	446.419,32
2024.1100.0010.0	GRUPO 9 OLEIROS E SADA	449.994,35
2024.1100.0011.0	GRUPO 10 CAMBRE, BERGONDO E BETANZOS	449.964,44
2024.1100.0012.0	GRUPO 11 ABEGONDO, CARRAL E OZA-CESURAS	449.815,31
2024.1100.0013.0	GRUPO 12 ARANGA, BETANZOS, COIROS, CURTIS E OZA-CESURAS	362.179,90
2024.1100.0014.0	GRUPO 13A FRADES, ORDES, OROSO E O PINO	262.803,89



2024.1100.0015.0	GRUPO 13B BOIMORTO, MESIA E VILASANTAR	215.434,98
2024.1100.0016.0	GRUPO 14 MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	264.292,21
2024.1100.0017.0	GRUPO 15 ARZUA, BOQUEIXON, O PINO E TOURO	402.851,22
2024.1100.0018.0	GRUPO 16 ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	449.922,21
2024.1100.0019.0	GRUPO 17 CARBALLO, CERCEDA E LARACHA	350.923,30
2024.1100.0020.0	GRUPO 18 CABANA, MALPICA E PONTECESO	399.732,99
2024.1100.0021.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	193.356,77
2024.1100.0022.0	GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	231.659,57
2024.1100.0023.0	GRUPO 21 AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	278.623,66
2024.1100.0024.0	GRUPO 22 ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	398.044,65
2024.1100.0025.0	GRUPO 23 MAZARICOS, MUROS E OUTES	322.554,58
2024.1100.0026.0	GRUPO 24 BOIRO, LOUSAME E NOIA	346.995,98
2024.1100.0027.0	GRUPO 25 BRION, DODRO, PADRON E ROIS	275.204,80
2024.1100.0028.0	GRUPO 26 AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	380.772,82
2024.1100.0029.0	GRUPO 27 BOIRO E RIANXO	292.137,21
2024.1100.0030.0	GRUPO 28 A POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON E RIBEIRA	452.432,88
2024.1100.0031.0	GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	355.296,79
2024.1100.0032.0	GRUPO 35.- CORISTANCO, SANTA COMBA E ZAS	311.958,52
2024.1100.0033.0	GRUPO 36.- D.P.3404.- SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	226.289,25
	TOTAL.....	11.007.924,54

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no **Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días** a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente **para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local** para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación da segunda e última prórroga do contrato de Servizos de mantemento e soporte do sistema integral de xestión tributaria da Deputación provincial da Coruña, código expediente PCO.001.2019.00021

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a SEGUNDA E ÚLTIMA PRÓRROGA do contrato de SERVIZOS DE MANTENIMENTO E SOPORTE DO SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. Código Expediente PCO.001.2019.00021, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 4779 de data 10 de febreiro de 2020, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal, GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A., con NIF A81957367 e domicilio na Avenida Deportista Miriam Blasco, 1 Bis; 03016 Alicante, nas seguintes condicións:

1.1. Prazo: Do 5 de xuño de 2024 ao 4 de xuño de 2025.

1.2. Prezo da prórroga: 348.298,50 euros (IVE incluído).

1.3. A imputación orzamentaria da presente prórroga efectuarase con cargo aos seguintes datos contables:

ANUALIDADE 2024

PERÍODO 05/06/2024 a 04/12/2024

APLICACIÓN ORZAMENTARIA 0730/49121/22799

NÚMERO OPERACIÓN RC 220240001529

IMPORTE 174.149,25

ANUALIDADE 2025

PERÍODO 05/12/2024 a 04/06/2025

APLICACIÓN ORZAMENTARIA 0730/49121/22799

NÚMERO OPERACIÓN RCP 220249000036

IMPORTE 174.149,25

O contrato queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas deste no exercicio correspondente (2025).

Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos, e advírteselle de que se non cumprise os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014."

10.- Aprobación da adscrición demanial a favor do Concello de Ordes da marxe esquerda do tramo de estrada DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia. P.Q 1+635 ao P.Q 4+435".



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a adscrición demanial a favor do Concello de Ordes do seguinte tramo de estrada DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia, solicitado polo Concello de Ordes, en virtude do acordo de solicitude da subvención da Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2022, que deberá ser ratificado polo Pleno do Concello de Ordes.

O tramo da adscrición é o seguinte:

- P.Q. 1+635 a P.Q. 4+435, marxe esquerda (itinerario de mobilidade alternativa en la DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia).

2.- A adscrición terá unha duración de 10 anos.

Producíndose a súa desadscrición nos seguintes casos:

* Non destinalo ao fin da adscrición no prazo de 1 ano: construción do "Itinerario de mobilidade alternativa na DP-5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia. P.Q 1+635 ao P.Q 4+435, marxe esquerda".

* Executalas obras sen conformidade co proxecto para o que foran adscritos.

* Non exerza o Concello de Ordes as facultades que lle corresponden en canto á administración, xestión, conservación e colaboración na protección e defensa dos bens adscritos.

* Os bens adscritos deixaran de ser necesarios para o cumprimento do fin ao que foron adscritos, ben por falta de mantemento e conservación ou por construción doutro itinerario de mobilidade alternativa.

- Os gastos e tributos que xerasen os terreos serán en todo caso de conta do Concello de Ordes.

- Será necesario solicitar autorización desta Deputación Provincial para a construción da senda e cumprir as seguintes condicións:

* será preciso deixar unha beiravía mínima de 50 cm a partir da liña de delimitación de beiravía existente na estrada provincial.

* A construción da senda deberá ser a nivel de fronte ao mantemento, ben coa saída da auga cara ao exterior ou onde sexa necesario canalizar a auga, os sumidoiros colocaranse no bordo exterior da senda, evitando que no caso de que se obstruya o sumidoiro, a auga non invada a zona de circulación.

* Asegurarase o mantemento da capacidade hidráulica da drenaxe da estrada na zona afectada polas obras. Na zona dos entroncamentos coa estrada provincial colocaranse,



se fose necesario, unhas tubaxes de formigón prefabricado de diámetro mínimo corenta centímetros (0,40 m), recubertas en todo o seu perímetro cun espesor mínimo de formigón en masa de cinco centímetros (0,05 m).

* Para evitar a chegada de auga á zona de circulación da estrada dotarase ao pavimento dunha pendente do 2% cara ao exterior da estrada, dispoñendo, se fose preciso, imbornales ou reixas corridas nos camiños de acceso.

* Non se modificarán as condicións de drenaxe da estrada provincial. De ser necesario movementos de terra ou explanacións poderán realizarse, sempre que non prexudiquen a estabilidade da estrada ou a súa explotación, por modificación do curso das augas, redución da visibilidade ou calquera outro motivo. Adoptaranse as medidas necesarias para que, en ningún caso, as augas da escorrentía da zona vertan á zona de dominio público viario.

* A autorización da Deputación provincial da Coruña non exime da necesidade de solicitar outras autorizacións como pode ser a de Augas de Galicia

3.- Dar coñecemento da referida adscripción demanial á Xunta de Galicia, aos efectos de dar cumprimento ao prevenido no artigo 21.4 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, así como publicalo no Boletín Oficial da Corporación .

4.- Actualizar o Catálogo de Estradas da Deputación da Coruña no sentido de recoller a adscripción demanial do tramo referido no punto 1º do presente acordo.

5.- Modificar o Inventario aos efectos oportunos."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de cunetas en Sergude" do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0329.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de cunetas en Sergude", do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0329.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de



maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, e que posteriormente, mediante Resolución da Presidencia número 32169 de 18 de agosto de 2023, aprobouse a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento do Concello de Carral

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 da citada Resolución, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este do Concello de Carral cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condições pendentes
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Carral	2023.2102.0329.0	Mellora de cunetas en Sergude	53.208,38	0,00	53.208,38	-Autorización de Patrimonio Cultural -Autorización de Augas de Galicia

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ditada pola directora xeral Carmen Martínez Insua e asinada dixitalmente o 23 de decembro de 2022, pola que se autorizan as obras contidas no proxecto “Mellora de cunetas en Sergude” ao ser compatibles coa protección e conservación dos valores do Camiño, pero supeditada ao cumprimento dunha serie de condicións recollidas nesta Resolución.

Logo de ver a Resolución de Augas de Galicia ditada o 8 de setembro de 2023, asinada pola súa directora Teresa Gutiérrez López, pola que se autorizan, cunha serie de condicións, as obras contidas no proxecto inicial, a excepción das obras de ampliación previstas na marxe esquerda no treito da zona sur por estar situadas na zona de servidume do río Brexo, polo que só permite nesa marxe obras de mantemento do vial

Logo de presentar o Concello de Carral un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 1 de decembro de 2023 pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Ana María García Mayo, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 53.208,38 euros, idéntico ao do proxecto inicial, e redactado coa finalidade de eliminar do proxecto inicial as obras de ampliación do vial previstas na marxe esquerda do tramo sur do río Brexa, ao non ser autorizadas por Augas de Galicia por afectar á zona de servidume do río Brexa e do regato innominado, e substituílas pola ampliación das actuacións previstas para a marxe dereita do mesmo tramo, proxecto modificado que foi aprobado polo Pleno do Concello de Carral na sesión realizada o 24 de xaneiro de 2024, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), emitido o 14 de decembro de 2023 polo arquitecto municipal, no que indica que o proxecto conta coas autorizacións de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, impoñendo unha serie de condicións que son cumpridas por este proxecto modificado, non precisando doutras autorizacións sectoriais



Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 19 de xaneiro de 2024 polo técnico municipal e pola secretaria do concello, no que esta última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2023, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de cunetas en Sergude", do Concello de Carral, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0329.0, que fora aprobado mediante Resolución da Presidencia número 32169 de 18 de agosto de 2023 en relación co acordo plenario do 26 de maio de 2023, de forma condicionada á obtención das autorizacións de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, e que polo tanto aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de eliminar do proxecto as obras de ampliación do vial previstas na marxe esquerda do tramo sur do río Brexa, ao non ser autorizadas por Augas de Galicia por afectar á zona de servidume deste río e do regato innominado, e substituílas pola ampliación das actuacións previstas para a marxe dereita deste mesmo tramo, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento na dita Resolución da Presidencia número 32169 de 18 de agosto de 2023, pola que se aproba a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condições cumpridas
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Carral	2023.2102.0329.0	Mellora de cunetas en Sergude	53.208,38	0,00	53.208,38	-Autorización de Patrimonio Cultural -Autorización de Augas de Galicia

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos."

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación en núcleo de Vilar (Estramundi)", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0243.0



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Padrón do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación en núcleo de Vilar (Estramundi)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0243.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Padrón	2021.2000.0243.0	Pavimentación en núcleo de Vilar (Estramundi)	32.171,84	0,00	32.171,84

Logo de aprobar o Concello de Padrón, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento asinado o 10 de maio de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan, cun orzamento total de contrata superior ao orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto responder á necesidade de actualizar os prezos das unidades de obra contemplados no orzamento do proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto

Logo de presentar o Concello de Padrón a certificación de Intervención acreditativa de que o concello asume o financiamento do incremento do orzamento de contrata do proxecto modificado en relación co do proxecto inicial, que está aínda sen adjudicar

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2021, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña



ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación en núcleo de Vilar (Estramundi)", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0243.0, asinado dixitalmente o 10 de maio de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, que está aínda sen adjudicar e que foi aprobado polo Concello de Padrón, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa única finalidade de responder á necesidade de actualizar os prezos das unidades de obra contemplados no orzamento a fin de adecualos á situación actual do mercado mantendo inalterable o resto do proxecto, tendo este proxecto modificado un incremento do seu orzamento respecto do orzamento de contrata inicial que é asumido integramente polo Concello de Padrón tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Padrón "Pavimentación en núcleo de Vilar (Estramundi)" Código 2021.2000.0243.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	32.171,84	32.171,84	0,00
Concello	0,00	4.758,95	4.758,95
Total	32.171,84	36.930,79	4.758,95

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Padrón para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)" do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0270.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada



o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen no POS+ 2021 figura, entre outras, a obra do Concello de Santiago de Compostela denominada “Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)”, co código 2021.2000.0270.0

Visto que o concello aprobou un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, cun orzamento de contrata de 356.700,00 € que supón un incremento de 88.700,00 € con respecto ao proxecto anteriormente aprobado, cuxo orzamento ascendía á cantidade de 268.000,00 €, que é asumido integramente polo concello de Santiago de Compostela, para realizar a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado e para realizar uns mínimos axustes que non modifican no substancial o proxecto, que conta cos informes técnico e xurídicos favorables, e que foi sometido á supervisión do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, que emitiu informe favorable o día 2 de agosto de 2023.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobado o proxecto modificado da obra do Concello de Santiago de Compostela denominada “Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0270.0, cun orzamento de contrata de 356.700,00 €, que supón un incremento de 88.700,00€ respecto do proxecto técnico inicial, que é asumido integramente polo concello, que introduce as modificacións necesarias para a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado e para realizar uns mínimos axustes que non modifican no substancial o proxecto, e que se financia como se indica na seguinte táboa:

Concello de Santiago de Compostela “Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)” Código 2021.2000.0270.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	268.000,00	268.000,00	0,00
Concello	0,00	88.700,00	88.700,00
Total	268.000,00	356.700,00	88.700,00

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra. O Concello de Santiago de Compostela asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto técnico da obra, por importe de 88.700,00 €, coa aprobación o día 30 de novembro de 2023, dun expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-09 e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-07 para atender necesidades de achega municipal para o desenvolvemento de diversas actuacións enmarcadas nos programas da Deputación POS, entre os que se atopa este investimento.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Santiago de Compostela para os efectos oportunos."



14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0271.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen no POS+ 2021 figura, entre outras, a obra do Concello de Santiago de Compostela denominada "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro", co código 2021.2000.0271.0

Visto que o concello aprobou un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, cun orzamento de contrata de 79.987,40 € que supón un incremento de 16.660,60 € con respecto ao proxecto anteriormente aprobado, cuxo orzamento ascendía á cantidade de 63.326,80 €, que é asumido integramente polo concello de Santiago de Compostela, para realizar a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado e para realizar uns mínimos axustes que non modifican no substancial o proxecto, que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables, e que foi sometido á supervisión do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, que emitiu informe favorable o día 2 de xaneiro de 2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Santiago de Compostela denominada "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0271.0, cun orzamento de contrata de 79.987,40 €, que supón un incremento sobre este orzamento de 16.660,60 € respecto do proxecto técnico inicial, que é asumido integramente polo concello, que recolle as modificacións necesarias para a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado e para realizar uns mínimos axustes que non modifican no substancial o proxecto, e que se financia como se indica na seguinte táboa:



Concello de Santiago de Compostela "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" Código 2021.2000.0271.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	63.326,80	63.326,80	0,00
Concello	0,00	16.660,60	16.660,60
Total	63.326,80	79.987,40	16.660,60

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra. O Concello de Santiago de Compostela asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto técnico da obra, por importe de 16.660,60€, coa aprobación o día 10 de maio de 2023, dun expediente de crédito extraordinario para o departamento de Medio Rural que habilita un suplemento de crédito suficiente para facer fronte ao incremento da achega municipal a esta obra

3.- Notificar este acordo ao Concello de Santiago de Compostela para os efectos oportunos."

15.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao cuarto trimestre de 2023.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña), correspondente ao cuarto trimestre de 2023, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

16.- Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2024 da Deputación e o seu ente dependente á Administración do Estado.

Dáse conta da remisión do Orzamento do exercicio 2024 da Deputación e do seu ente dependente (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña) á Administración do Estado, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

17.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2022.

Dar conta do informe da Intervención sobre o estado de execución, durante o exercicio 2022, dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**18.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2023.**

Dar conta do informe da Intervención sobre o estado de execución, durante o exercicio 2023, dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

19.- Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Dar conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor o día 16 de febreiro de 2024, ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento de réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (Real decreto. 424/2017, do 27 de abril), con respecto á actividade de control interno realizada no exercicio económico 2023.

20.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2023.

Dar conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2023, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

21.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2023.

Dar conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2023.

22.- Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2023.

1. Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2023.
2. Dáse conta da remisión de copia da liquidación á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
3. Dáse conta da remisión da información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

23.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2024 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

Dáse conta do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de



remanentes número 1, de aprobación pola Presidencia.

24.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2024 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2024 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 105.345.824,67 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 13.823.148,04

SC. Suplementos de crédito: 91.522.676,63

Total aumentos: 105.345.824,67

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 105.345.824,67

Baixas por anulación: 0,00

Total financiamento: 105.345.824,67

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	3.450,00	0,00
2 Gastos correntes	5.816.570,18	0,00
3 Gastos financeiros	33.016,59	0,00
4 Trans. Correntes	7.043.479,21	0,00
5 Fondo continx. y o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	19.519.205,65	0,00
7 Trans. de capital	72.187.402,95	0,00
8 Activos financeiros	742.700,09	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	105.345.824,67	0,00

B.2 Resumen por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniales	0,00
6 Enaxenación investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	105.345.824,67
9 Pasivos financeiros	0,00
	105.345.824,67

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.



Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2024 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

25.- Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta ao Pleno do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26.- Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación definitiva do exercicio de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mazaricos respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Mazaricos, adoptado na sesión plenaria do 12 de xaneiro de 2024, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

28.- Dación de conta do acordo do Concello de Arzúa polo que non se prorroga a delegación das competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestar servizos de control financeiro ao Concello de Arzúa.

Dáse conta da revogación solicitada polo Concello de Arzúa, da delegación do exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado e a instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.

A citada revogación producirá efectos dende o día 6 de abril do 2024, seguindo a tramitación do Plan de control financeiro do ano 2023 polas subvencións pagadas polo Concello durante os anos 2020 e 2021.

Despois da sesión plenaria, publicarase a revogación da competencia no BOP, segundo o previsto no artigo 9.3 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

29.- Dación de conta da revogación da delegación de competencias do control financeiro do Concello de Boqueixón.

Dáse conta da revogación solicitada polo Concello de Boqueixón, da delegación do exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado e a instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en



executivo, dos ingresos de dereito público resultantes e a emisión de informes de control financeiro sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa ou figura similar (xestión interesada, sociedade de economía mixta ou concerto).

A citada revogación producirá efectos dende o 12/02/2024, seguindo a tramitación do Plan de control financeiro do ano 2023 polas subvencións pagadas polo Concello de Boqueixón durante os anos 2020 e 2021.

Despois da sesión plenaria, publicarase a revogación da competencia no BOP, segundo o previsto no artigo 9.3 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

30.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestar servizos de control financeiro ao Concello de Muxía.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRA: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Muxía.

SEGUNDA: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.

TERCEIRA: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario oficial de Galicia para xeral coñecemento, segundo o previsto no artigo 7.2 do texto refundido la Lei reguladora das facendas locais.

CUARTA: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín oficial da provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial."

31.- Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2023.

Dáse conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2023.



32.- Aprobación da modificación da cláusula de vixencia do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Galicia remota - Carnota"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O proxecto Galicia Remota - Carnota, pretende ser un novo modelo de turismo, innovación e sustentabilidade que busca facer do noso rural un polo de atracción de traballadores remotos que pretendan vivir experiencias únicas de crecemento persoal e profesional á vez que desenrolan o seu traballo de maneira remota.

Galicia Remota busca converter o rural galego, e concretamente Carnota, nun polo de atracción de traballadores remotos por medio dun programa que consista na invitación de 12 nómades dixitais internacionais para vivir unha experiencia deste tipo e que axude a motivar o desenvolvemento deste tipo de turismo.

Os destinos escollidos polos turistas nómades dixitais deixan pegada naqueles que os escollen xa que lles axudan a desenvolver a súa creatividade, incrementar a súa produtividade e facer novos contactos. Do mesmo xeito estes turistas que traballan en remoto deixarán pegada na localidade máis alá do beneficio económico directo, xa que a súa relación directa cos locais e a súa capacidade para influír nas novas xeracións serve para axudar a frear o despoboamento do rural ao mesmo tempo que propicia o espírito emprendedor e a creación de novas empresas ou start-ups na localidade debido á demanda de novos servizos e produtos específicos para este segmento, feito que será beneficioso ao mesmo tempo para a comunidade local.

3º Dar conta de que no trámite correspondente á financiación por parte da Deputación do proxecto "Galicia remota-Carnota", asinouse convenio 79/2023 en data 26 de setembro de 2023, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de marzo de 2024.



O día 26 de outubro de 2023, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achegou pola plataforma SUBTEL documento de solicitude de prórroga, aportando un informe onde motiva a solicitude da mesma:

- O Concello no pode executar o proxecto nestas datas, dado que e preciso abrir un proceso de licitación, non e posible materialmente realizar o proxecto de contratación con unhas datas tan limitadas, ademais precisase de un tempo para que a empresa adxudicataria poña en marcha as distintas actividades, e a publicidade necesaria para conseguir os obxectivos do proxecto.

A cláusula XIII do convenio 79/2023 establece que:

"3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

O Concello de Carnota solicita a prórroga do convenio 79/2023 en data 26 de outubro de 2023, dentro da data límite establecida no convenio para a posible prórroga.

4º Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio no relativo á vixencia do mesmo, establecendo a mesma,

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2024**
- Nova data de xustificación do convenio: **31 de agosto de 2024**

Polo que a cláusula XIII do convenio quedaría do seguinte xeito:

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de agosto de 2023 ata o 31 de xullo do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2024.

2. O CONCELLO DE CARNOTA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de agosto de 2024.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 24.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.



6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

Deste xeito, o texto do convenio quedaría do seguinte xeito;

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "GALICIA REMOTA - CARNOTA".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CARNOTA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

EXPOÑEN

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARNOTA consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "GALICIA REMOTA - CARNOTA ", coa finalidade de crear un novo modelo de turismo, innovación e sustentabilidade que busca facer do noso rural un polo de atracción de traballadores remotos que pretendan vivir experiencias únicas de crecemento persoal e profesional á vez que desenrolan o seu traballo de maneira remota.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CARNOTA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CARNOTA, con CIF P1502000A , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "GALICIA REMOTA - CARNOTA ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	IMPORTE
1.1-Desprazamentos: Gastos de manutención/avituallamento, viaxes e aloxamento Aluguer de aloxamento e coworking	4.000,00 €



22 días 14 persoas	
1.2-Transportes: Contratación do transporte de persoas ou materiais necesario para a realización da actividade. Loxística e transporte	3.000,00 €
1.3- Contratacións externas: 3 obradoiros con artesáns e emprendedores - Contratación de monitores de emprendemento - Contratación de roteiros e actividades deportivas - Evento cultural - Contratación empresa evento gastronómico - Contratación empresa de actividades deportivas	13.500,00 €
1.4-Comunicacións: Correos, teléfono, internet, aloxamento web Servizos de marketing e Comunicación RRSS	3.100,00 €
1.5- Publicidade e propaganda: Material e servizos de difusión Servizo de Video e Fotografía + video resumo:	3.500,00 €
1.6-Arendamentos: Aluger de espazo para eventos: (2 días)	1.500,00 €
1.7-Transportes: Contratación do transporte de persoas Xornada no camiño (transporte de participantes a punto de partida, e recollida en destino	1.400,00 €
TOTAL	30.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 24.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARNOTA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CARNOTA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CARNOTA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CARNOTA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE CARNOTA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARNOTA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CARNOTA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARNOTA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.



- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CARNOTA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARNOTA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARNOTA da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARNOTA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CARNOTA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE CARNOTA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CARNOTA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CARNOTA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CARNOTA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CARNOTA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARNOTA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CARNOTA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de agosto de 2023 ata o 31 de xullo do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2024.

2. O CONCELLO DE CARNOTA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de agosto de 2024.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARNOTA, respectivamente.



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña, O representante do CONCELLO DE
CARNOTA,

A Secretaria Provincial"

33.- Aprobación da modificación puntual da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Modificar os artigos 9.2 b) e 12.1 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias:

A) Modificación do artigo 9.2 b):

Onde dí:

Contía máxima do gasto e crédito orzamentario ao que se imputa. No caso de que o gasto sexa tramitado con carácter de anticipado, deberá estar ditaminado favorablemente pola comisión informativa correspondente o proxecto do Orzamento xeral para o ano seguinte ou, a modificación orzamentaria que se estea a tramitar.

Pasará a dicir:

Contía máxima do gasto e crédito orzamentario ao que se imputa. Aplicarase a normativa orzamentaria e contable vixente reguladora dos gastos orzamentarios anticipados.

B) Modificación do artigo 12.1:

Onde dí:



Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instructor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos previstos nesta ordenanza xeral e na convocatoria específica, someteraas a un comité técnico de valoración, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no artigo anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

Pasará a dicir:

Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instructor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nas bases que sexan de aplicación, someteraas a un comité técnico de valoración, no caso de estar establecido nas bases específicas de cada convocatoria, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o disposto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

2º.- Someter a presente modificación a información pública, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios e sede electrónica da deputación provincial da Coruña, por prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, a modificación da ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

3º.- Publicar o contido íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, logo da aprobación definitiva da modificación do texto, como requisito para a entrada en vigor da ordenanza modificada, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Mocións. Hai unha que presenta o Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia-PSOE relativa á Asociación de Mulleres Salgadas.

1.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á Asociación Mulleres Salgadas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Mulleres Salgadas constituíuse en decembro de 2016 coa denominación de "Asociación de Mulleres do Mar de Arousa" , non ámbito da Ría de Arousa , que



comparten as provincias da Coruña e Pontevedra.

Mulleres Salgadas converteuse na primeira e única asociación de ámbito autonómico galego de mulleres do sector pesqueiro . O seu carácter pioneiro e aglutinador do sentir das mulleres do mar transcendeu o seu ámbito inicial , froito dunha necesidade latente do sector por recoñecer e poñer en valor o traballo feminino no mar.

A asociación engloba todos os oficios e profesións do mar, o que confire a Mulleres Salgadas un carácter plural, ademais de reivindicarse, con mención explícita nos seus estatutos, como unha organización feminista.

A asociación conta con máis de 1.500 Mulleres Salgadas asociadas , de maneira individual ou a través das súas confrarías (Cambados, Vilanova de Arousa , A Illa de Arousa, Aguiño, Cabo de Cruz , A Pobra do Caramiñal , Rianxo), de empresas, asociacións de meixoeiros Amegrove , Aspromeri, A Banqueiro , Omega), asociacións culturais Guimatur), cooperativas (cooperativa de mariscadores Ría de Arousa) ou do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

As Mulleres Salgadas forman parte de AKTEA, Rede Europea de Organizacións de Mujeres da Pesca. Desde febreiro de 2020 Mulleres Salgadas forma parte do seu comité estratéxico.

Dado que a entidade é a única asociación de mulleres do sector pesqueiro de ámbito autonómico en Galicia, como parte social do mar e na liña dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030, e logo de realizar varias peticións en xuntanzas e de forma verbal, no mes de maio de 2022 solicitou a súa integración no Consello Galego da Pesca.

Logo desta petición, a Conselleira do Mar comunicoulle á asociación que a representación dende a perspectiva de xénero que se solicita xa está outorgada a outro colectivo de carácter nacional e dende o punto de vista social está reservada ás dúas organizacións sindicais máis representativas no ámbito autonómico.

O artigo 5.d do Decreto 123/2011, de 16 de xuño, polo que se regula o Consello Gallego de Pesca recolle que o Pleno do Consello Galego de Pesca estará composto, entre outros, por seis vogais representantes do sector empresarial, designados pola conselleira ou conselleiro do Mar.

Por este motivo, entendemos que a petición da Asociación Mulleres Salgadas está máis que xustificada, polo que a súa inclusión e unha cuestión de vontade política, polo que está nesa vontade da Consellería do Mar a súa inclusión ou non.

Por todo a anterior, o grupo provincial socialista ten a honra de propor ao Pleno desta corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Consellería do Mar a nomear; en base ao artigo 5.d. do Decreto 123/2011, de 16 de xuño, polo que se regula o Consello Gallego de Pesca ; a unha representante da Asociación de Mulleres Salgadas como vogal do Pleno do dito Consello.
2. Instar á Consellería do Mar a iniciar o procedemento oportuno para modificar o



Decreto 123/2011, de 16 de xuño, polo que se regula o Consello Gallego de Pesca para darlle cabida a todos os sectores representativos do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitas grazas, señor presidente. Moi bo día a todas e a todos.

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, relativa á Asociación das Mulleres Salgadas. O Grupo Provincial do PSdeG, ao amparo do artigo 71.3 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción. A exposición de motivos e á seguinte:

A Asociación de Mulleres Salgadas constitúese en decembro de 2016 coa denominación de Asociación de Mulleres do Mar de Arousa, nun ámbito da ría de Arousa que comparten as provincias da Coruña e Pontevedra. Mulleres Salgadas converteuse na primeira e única asociación de ámbito autonómico galego de mulleres do sector pesqueiro. O seu carácter pioneiro e aglutinador do sentir das mulleres do mar, transcendeu o seu ámbito inicial, froito dunha necesidade latente do sector por recoñecer e poñer en valor o traballo feminino no mar.

A asociación engloba todos os oficios e profesións do mar, o que confire ás Mulleres Salgadas un carácter plural, ademais de reivindicarse con mención explícita nos seus estatutos como unha organización feminista. A asociación conta con máis de 1.500 Mulleres Salgadas asociadas de maneira individual ou a través das súas confrarías (Cambados, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Aguiño, Cabo de Cruz, A Pobra do Caramiñal, Rianxo); de empresas e asociacións de mexilloeiros (Amegrove, Aspromeri, Abanqueiro, Opomega); asociacións culturais (Guimatur); cooperativas (Cooperativa de Mariscadores Ría de Arousa) ou do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

As Mulleres Salgadas forman parte de AKTEA-Rede Europea de Organizacións de Mulleres de Pesca. Desde febreiro de 2020, Mulleres Salgadas forma parte do seu comité estratéxico, dado que a entidade é a única asociación de mulleres do sector pesqueiro do ámbito autonómico en Galicia como parte social do mar e na liña dos obxectivos do desenvolvemento sostible 2030, e logo de realizar varias peticións de xuntanzas de forma verbal no mes de maio de 2022, solicitou a súa integración no Consello Galego da Pesca.

Logo desta petición, a conselleira do Mar comunicoulle á asociación que a representación dende a perspectiva de xénero que se solicita xa está outorgada a outro colectivo de carácter nacional e, dende o punto de vista social, está reservada ás dúas organizacións sindicais máis representativas no ámbito autonómico. O artigo 5.10 do Decreto 123/2011, do 16 de xuño, polo que se regula o Consello Galego de Pesca, recolle que o Pleno do Consello Galego de Pesca estará composto, entre outros, por 6 vogais representantes do sector empresarial designados pola conselleira ou conselleiro do Mar. Por este motivo, entendemos que a petición da Asociación de Mulleres Salgadas está máis que xustificada, polo que a súa inclusión é unha cuestión de vontade política, polo que está nesa vontade da Consellería do Mar a súa inclusión ou non.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Socialista ten a honra de propor ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguintes acordos: Primeiro, instar a Consellería do Mar a nomear en base ao artigo 5.d) do decreto 123/2011, do 16 de xuño, polo que se regula o Consello Galego de Pesca, unha representante da Asociación de Mulleres Salgadas como vogal do Pleno do dito Consello. Dous: Instar a Consellería do Mar a



iniciar o procedemento oportuno para modificar o decreto 123/2011, do 16 de xuño, polo que se regula o Consello Galego de Pesca para darlle cabida a todos os sectores representativos do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

Moitas grazas.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Ben, pois nós desde o Bloque Nacionalista Galego en primeiro lugar queremos anunciar que imos votar a favor desta moción, aínda que consideramos que sería máis correcto expresar o acordo integrando os dous puntos, de tal xeito que se propuxese integrar no Consello Galego de Pesca todas as asociacións de mulleres do mar, incluída, como non pode ser doutro xeito, a Asociación de Mulleres Salgadas, para desta maneira conseguir unha maior participación feminina e para que este organismo que representa o sector do mar sexa máis igualitario.

En todo caso, concordamos absolutamente coa filosofía da moción. Consideramos que o Consello Galego de Pesca ten que dar voz ás mulleres do mar, porque as mulleres do mar están presentes desde a extracción ata a transformación, ata tamén a reparación de instrumentos do propio mar, como podemos pensar nas redeiras, nas conserveiras, nas mariscadoras, etc., e deben de ter o seu lugar tamén nun estamento tan importante como é o Consello Galego de Pesca.

Estamos falando de mulleres, as mulleres do mar, que tiveron que combater xeración tras xeración e teñen que seguir facéndoo, combater moitísimos obstáculos, porque ao final non tiveron recoñecidos e aínda non teñen recoñecidos dereitos básicos que si teñen recoñecidos sectores do propio mar protagonizados fundamentalmente por mulleres, perdón, de homes, por homes.

No caso das mulleres, de sectores amplamente dominados polas mulleres, están aínda loitando e acadando o recoñecemento, como dicía, de dereitos fundamentais. Podemos pensar no coeficiente redutor das mulleres redeiras, como hai nada que o conseguiron, ou o recoñecemento dalgunhas enfermidades propias do desenvolvemento de tarefas como as das mariscadoras, que se lles recoñezan as propias doenzas que padecen elas, que son ademais as que máis dominan ese ámbito, e ademais nas rías da propia provincia da Coruña son fundamentalmente mulleres as que desenvolven ese labor.

Polo tanto, estamos absolutamente a favor de que se inclúa nun organismo de participación e de consulta a perspectiva de xénero. Cremos que, se non, ao final, o Consello Galego de Pesca vai ter unha versión sempre parcial e pouco inclusiva a respecto da realidade das mulleres do mar. Polo tanto, como digo, o noso voto favorábel a esta moción.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo, presidente.

O Consello Galego de Pesca, disposto no artigo 95 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, regulado polo Decreto 123/2011, do 17 de xuño, estrutúrase de maneira que estean representados todos, entre outros, todos os axentes do sector pesqueiro galego. Deste xeito, consonte establece o seu decreto regulador, o



Consello Galego de Pesca estrutúrase nun pleno de dez comisións sectoriais, estas en función das distintas áreas de actividade de pesca en augas non comunitarias, de pesca en augas comunitarias non españolas, de arrastre de litoral, de cerco, de artes fixas e censos continxentados, de artes menores, de marisqueo e recursos específicos de transformación, comercialización, depuración, organización de produtores e de política social e seguridade da frota. Os vogais que forman parte destas comisións son designados na súa integridade no número que corresponda en función de cada comisión sectorial pola Federación Galega de Confrarías e polas asociacións do sector máis representativas, o mesmo polas organizacións sindicais máis representativas.

En canto ao pleno, forman parte como vogais dous representantes de cada federación provincial de confrarías designados por estas; dous representantes da Federación Galega de Confrarías designados por esta; dous representantes de cada unha das organizacións sindicais máis representativas designados por estas; dous representantes da pesca recreativa e superficie submarina designados polas súas federacións máis representativas; tres representantes de cada comisión sectorial designados por estas; e seis representantes do sector empresarial, designados pola persoa titular da Consellería do Mar, dous polo sector extractivo, dous polo sector transformador, un polo sector de comercialización e da primeira venda, e un polo sector das organizacións de produtores. Na actualidade, desta serie de designacións tres corresponden a mulleres. Dos seis representantes que unicamente pode designar a persoa titular da Consellería, tendo en conta a distribución polo sector empresarial que marca o decreto, tres vogais son mulleres: unha vogal representante da Asociación Empresarial de Palangreiros Guardeses, unha vogal representante da Asociación Nacional de Mulleres da Pesca e unha vogal representante da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao. Deste xeito, se o que se pretende ao solicitar que se designe unha representante da Asociación Mulleres Salgadas co obxecto de dar voz ás mulleres do mar, este obxectivo está perfectamente cuberto coa designacións actuais: tres de seis.

Neste senso só hai que botar unha ollada aos principais obxectivos da asociación Anmupesca, asociación que conta cun representante designado pola Consellería no Pleno do Consello Galego de Pesca: a defensa dos intereses económicos e profesionais das asociadas e das mulleres que traballan nas actividades vinculadas coa actividade pesqueira, marisqueira, acuícola e actividades ou servizos vinculados a esta; visibilizar as mulleres profesionais do mar, reforzando o seu empoderamento, contribuíndo ao aumento do recoñecemento e conciencia social sobre o papel que desempeñan estas e a súa achega ao sector; incrementar o liderado das mulleres profesionais vinculadas ao mundo do mar, impulsar a súa participación efectiva en órganos representativos, consultivos ou decisorios do sector ou outros sectores afíns; ser instrumento e plataforma para o diálogo social coas diferentes institucións, organizacións sindicais, co fin de concertar políticas que poidan favorecer as mulleres do mar e os colectivos formados por estas; promover unha sociedade máis igualitaria e integradora en canto á igualdade de xénero; a promoción, defensa, estudo e recoñecemento profesional dos oficios e ocupacións vinculadas ao mundo do mar entre outros, de xeito similar, a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao persegue dignificar a profesión e sacar as profesionais redeiras da situación de case invisibilidade na que se atopan.

Finalmente, temos que dicir respecto á petición da modificación do Decreto 123/2011, á nosa forma de entender están representados no Consello Galego de Pesca, dada a súa estrutura e composición, todos os sectores representativos da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola de Galicia, polo que non entendemos o sentido da proposta. De modificarse algún apartado, podería ser o que afectara á designación directa pola Consellería, pero non para que a Consellería incluíse unha asociación en concreto porque, repetimos, dos seis representantes da Consellería, que designa a



Consellería, tres xa son mulleres na actualidade. Polo tanto, temos que rexeitar esta moción.

Grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Eu reiteraría o mesmo. É dicir, fixo lectura correspondente ao artigo ao que faciamos mención, pero o que temos claro é que Mulleres Salgadas nestes momentos non son parte deste Consello Galego de Pesca e todos os argumentos que nos acaba de manifestar, pois está plenamente claro no artigo, pero o que temos claro é que fai referencia ademais a unha asociación que é a nivel estatal, non é a nivel galego. Entón, quedei sen saber cal é o obxectivo real polo que non é posible; simplemente é unha modificación, que se pode facer, que a responsabilidade a ten a Xunta de Galicia e que ten a competencia e a capacidade para poder facelo e así poder incluír e modificar este artigo 5.c. A nosa proposta é que se intente modificar e haxa vontade política de poder facelo.

Eu creo que, como ben xa dicía a compañeira do Bloque Nacionalista Galego, este é un real decreto que se pode modificar, creo que debemos facer todo o posible, creo que estamos ante un sector, creo que ante unha asociación ademais que representa un sector, o sector feminino, no cal hai moita valentía, e creo que é cuestión de responsabilidade e, sobre todo, de sensibilidade para poder acoller esta proposta do Partido Socialista e poder facer esta inclusión con esa modificación que menciono.

Grazas.

Sr. Ben Otero

Moi brevemente. Eu, repito, hai unha serie de asociacións que son eles os que designan os seus representantes, dous representantes de cada un dos sectores, co cal aí nada temos que dicir, son as propias entidades as que os designan, e a Consellería, dos seis que ten que designar, tres son mulleres. Eu non entendo por que ten que ser en concreto unha asociación e non outra. É a única dúbida que teño eu. Simplemente eu penso que..., e dende logo, dende a óptica e visión do Partido Popular, máximo respecto ao traballo das mulleres do mar, máximo respecto. E á parte teño que dicilo desde a máis completa convicción e dígoo dende o afecto, contacto e coñecemento do traballo que fixo unha muller polo mar en Galicia durante moitos anos, que se chama Rosa Quintana e que, dende logo, o traballo que deixou feito aí está en recoñecemento de todo o mundo, e nós o máximo respecto, repito e reitero, pero obviamente das seis designacións tres xa son mulleres, non entendo por que ten que ser outra asociación e non outras.

Grazas.

Sr. García Seoane

Falábase no informe que tiña o compañeiro do Partido Popular de todas as entidades que están representadas. Eu ese mundo coñezoo bastante porque, entre as moitas actividades que tiveron na miña vida, unha delas foi a de mariscador, desde lancha, e cando era neno coa auga ao pescozo, cun raño.

As mariscadoras son unha potencia tremenda en todas as rías de Galicia. E digo mariscadoras, son mulleres, que poden estar nunha confraría, pero que foron ignoradas durante moito tempo. E son mulleres que teñen unha valentía tremenda e que lideraron e



lideraron moitos anos nas rías o traballo do marisqueo contra todas aquelas cousas que atentaban contra os seus intereses. Por tanto, estamos falando dun colectivo, que se citaba aí, de mulleres de todas as rías de Galicia, e digo de mulleres no Día da Muller Traballadora, mulleres valentes, mulleres que xogaban ás veces a vida meténdose en lameiras en que non se podían meter, ou en zonas cunha profundidade determinada e que fixeron un traballo inmenso, inmenso.

E eu creo que non están recollidas no que dicía o compañeiro do Partido Popular, porque este é un colectivo de toda Galicia, de todas as rías de Galicia. Por certo, non se cita a da Pasaxe, porque a ría da Pasaxe, que foi unha mina, foi unha mina, que deu cartos a miles, a montóns de persoas do contorno da ría da Pasaxe e incluso de Arteixo, de Suevos, e que viñan moitísimas persoas desas localidades, e, por tanto, espero que algún día volva ser unha mina, non está citada a ría da Pasaxe, pero é unha ría que, unha vez que estea descontaminada, creo que vai volver a ter unha importancia moi grande para o peto de moitas mulleres e mariscadoras.

Por tanto, creo que se debía, eu vou votar que si, porque creo que teñen todo o dereito do mundo a estar representadas como unha entidade feminina, porque é inmensamente feminina, pode haber dous perdidos por aí, pero son mulleres case todas, e cunha valentía tremenda. Loitaron contra todo e ata contra o exército, naquela época, na ría da Pasaxe, ía a Mariña, elas loitaban contra a Mariña con remos, a remazos cos mariños que ían á ría a sacalas da ría. Por tanto, teñen un mérito tremendo e eu votar que si a esta moción.

Sr. Presidente

Simplemente apuntar que esta moción que traemos ao Pleno vén motivada porque se achegaron a nós esa asociación e compartimos a súa reflexión. Ao final, hai 1.500 mulleres do mundo do mar en Galicia que non se senten representadas no Consello Galego de Pesca, 1.500 asociadas a Mulleres Salgadas. E, por tanto, non entendemos por que deixar fóra unha parte tan relevante do sector extractivo do mar. Pódese facer un paralelismo co Consello Galego de Relacións Laborais, é un consello que digamos que vincula o mundo laboral en Galicia e este é un consello que vincula o mundo do mar en Galicia. O Consello Galego de Relacións Laborais ten unha composición onde se reflicte, evidentemente, se reflicte o que son as organizacións representativas dos traballadores con presenza autonómica en Galicia. Polo tanto, facendo un paralelismo, entendemos que unha entidade con representación nacional, onde nós temos unha relación como Deputación magnífica con esa entidade tamén, pero entendemos que por paralelismo, é dicir, o sentir propio do mundo do mar en Galicia, que non ten nada que ver en moitos aspectos co sentir do mundo de Baleares ou de Andalucía, lóxicamente se reflicta no que é o organismo onde está representado o sector e a administración. Polo tanto, entendemos que esta moción era necesario traela e parécenos unha pena que non haxa modificación do decreto, que é unha tramitación ben sinxela e que simplemente tería o mellor reflexo do que é o mundo da muller e do mar en Galicia.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (8 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a.



O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á Asociación Mulleres Salgadas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Mulleres Salgadas constituíuse en decembro de 2016 coa denominación de “Asociación de Mulleres do Mar de Arousa”, non ámbito da Ría de Arousa, que comparten as provincias da Coruña e Pontevedra.

Mulleres Salgadas converteuse na primeira e única asociación de ámbito autonómico galego de mulleres do sector pesqueiro. O seu carácter pioneiro e aglutinador do sentir das mulleres do mar transcendeu o seu ámbito inicial, froito dunha necesidade latente do sector por recoñecer e poñer en valor o traballo feminino no mar.

A asociación engloba todos os oficios e profesións do mar, o que confire a Mulleres Salgadas un carácter plural, ademais de reivindicarse, con mención explícita nos seus estatutos, como unha organización feminista.

A asociación conta con máis de 1.500 Mulleres Salgadas asociadas, de maneira individual ou a través das súas confrarías (Cambados, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Aguiño, Cabo de Cruz, A Pobra do Caramiñal, Rianxo), de empresas, asociacións de meixoeiros Amegrove, Aspromeri, A Banqueiro, Omega), asociacións culturais Guimatur), cooperativas (cooperativa de mariscadores Ría de Arousa) ou do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

As Mulleres Salgadas forman parte de AKTEA, Rede Europea de Organizacións de Mujeres da Pesca. Desde febreiro de 2020 Mulleres Salgadas forma parte do seu comité estratéxico.

Dado que a entidade é a única asociación de mulleres do sector pesqueiro de ámbito autonómico en Galicia, como parte social do mar e na liña dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030, e logo de realizar varias peticións en xuntanzas e de forma verbal, no mes de maio de 2022 solicitou a súa integración no Consello Galego da Pesca.

Logo desta petición, a Conselleira do Mar comunicoulle á asociación que a representación dende a perspectiva de xénero que se solicita xa está outorgada a outro colectivo de carácter nacional e dende o punto de vista social está reservada ás dúas organizacións sindicais máis representativas no ámbito autonómico.

O artigo 5.d do Decreto 123/2011, de 16 de xuño, polo que se regula o Consello Gallego de Pesca recolle que o Pleno do Consello Galego de Pesca estará composto, entre outros, por seis vogais representantes do sector empresarial, designados pola conselleira ou conselleiro do Mar.

Por este motivo, entendemos que a petición da Asociación Mulleres Salgadas está máis que xustificada, polo que a súa inclusión e unha cuestión de vontade política, polo que está nesa vontade da Consellería do Mar a súa inclusión ou non.

Por todo a anterior, o grupo provincial socialista ten a honra de propor ao Pleno desta corporación a adopción dos seguintes



ACORDOS:

1. Instar á Consellería do Mar a nomear; en base ao artigo 5.d. do Decreto 123/2011, de 16 de xuño, polo que se regula o Consello Gallego de Pesca ; a unha representante da Asociación de Mulleres Salgadas como vogal do Pleno do dito Consello.
2. Instar á Consellería do Mar a iniciar o procedemento oportuno para modificar o Decreto 123/2011, de 16 de xuño, polo que se regula o Consello Gallego de Pesca para darlle cabida a todos os sectores representativos do sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

2. Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación de A Coruña, sobre o apoio ao sector gandeiro

A moción do Grupo Provincial Popular sobre o apoio ao sector gandeiro non foi tratada ao transformarse na Declaración Institucional de apoio a gandería e agricultura coa sinatura dos voceiros de todos os Grupos Políticos da Corporación.

Sr. Presidente

Moi ben. Rogos, preguntas? Moi ben, pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:50 horas.